# A FONDO

Caderno de análise.
Quinta-feira, 29 de xaneiro de 2015 • Número 96

SERMOS GALIZA



## FRANCISCO CARBALLO, UN LEGADO PARA O PAÍS

Podería dicirse que a de Francisco Carballo era unha personalidade poliédrica, mais nel non semellaba haber arestas. Nacionalista, de fondo compromiso político, sindicalista, impulsor de empresas culturais, investigador da nosa historia, membro do grupo promotor de *Sermos Galiza*, presidente do consello de administración de *A Nosa Terra*, candidato nas listas do BN-PG e do BNG... Todas esas facetas soubo complementar coa súa vocación teolóxica, empregando como ponte o espírito progresista e inculturador do Concilio Vaticano II.

Imaxe: Xan Carballa